



CONTOS SOLIDARIOS

Para as mozas e os mozos do I.E.S de Melide, con cariño e agradecemento de parte dun Carballo con Botas, que un día vos contou contos para que cambiades o mundo.

¡Graciñas! 4-5-2005

BUSEGE E MUTITUMBA, UNHA HISTORIA CONTRA O ODIO



caracola. Alguén lle falara do son das ondas e da calor na praia, pero debaixo daquela árbore que o acubillara ninguén sabía do mar, da area, nin dunha simple caracola. Aínda así, Mutitumba precisaba daquel soño estrano coma única posibilidade de vecer a friaxe, o certo terror da noite. Precisaba durmir, quería soñar coa calor do sol para non ser vencido pola máis terrible das mortes, a do frío debaixo dunha árbore no inverno da súa alameda. Nun deses soños aparecentouse un neno lobo: “chámome Busege e veño fuxindo da guerra do norte onde fun enrolado cando neno. Meus pais trocáronme por algo para comer, eles non tiñan culpa, eramos oito irmáns e a fame apretaba sen cesar. O día no que me levaron os homes da guerra moito cherei, naquel lugar eran moitos coma min. Algúns, día e noite limpabamos as escopetas e metralletas, outros disparábannas. As caras dos nenos semellaban oxidadas como aquelas armas. Vin meniños coma ti abríndose en sangue e morte, escoitei berros que enxordeceron os meus ouvidos, que ninguén soportaría, que eu nunca quixera escoitar. Así que un día decidín fuxir. Faláranme dun bosque onde ninguén fora

capaz de entrar polo medo os lobos, pero eu sabía que maior terror que o que eu vivira non sería capaz de aniñar mesmo no animal máis fero. Adentreime ata toparme con eles, ollaron as alimañas para min e ao verme deberon sentir tanta mágoa que me acubillaron na súa manada, chamáronme Busege (pequeno lobo) e con eles percorrín os bosques facéndome fero e forte. Medrei ao mesmo tempo que medrou u odio conmigo. Un día decidí partir na procura dos que me fixeran dano, quería vinganza, odiaba o home coma o pode odiar aquel lobo.

No camiño ía verquendo odio e morte pola faciana, era poderoso, tiña a forza dos lobos e a intelixencia dos homes, ninguén podería comigo.

Tiña tantas gañas de odiar, tantas gañas de matar...

Enfurecido adentreime na túa alameda cando sentín algo estrano, o sentido dunha perda, algo profundo desaparecía dentro de min. Co roce das árbores na miña pel de neno lobo, co bater de ponlas convertidas en brazos que adentraban as súas mans no meu corpo, co palpar das toradas, mesmo das follas, sentía como se arrincaba, como se desprendían os anacos do odio que me

En realidade, Mutitumba (que durmen debaixo das árbores) en Zimbabwe, Busege (pequenos lobos) en Uganda, Skadukinders (nenos das sombras), Buoidoi (polvorientos), Saligoman (desagradables), Gamines, Phaseurs, Chinchés, Cabritos... son os innumerables alcumes de 90 millóns de desposeídos, dos meniños da rúa, co que son chamados en Suráfrica, Ruanda, Vietnam, Chile, Colombai, Congo... esta podía ser unha das súas historias: Mutitumba soñaba con escoitar o mar dentro dunha



CONTOS SOLIDARIOS

acompañaba, os bocados da vinganza que me enfurecía, sentí que ía perdendo aquel afán de destruír todo, e como comprenderás foron moitas as árbores contra as que batín ata chegar onda ti, pequeno Mutitumba. Vinte deitado por debaixo desta árbore, nesta alameda, e na túa cara por fin descubrín as cores da tenrura. Decateime que xa

non buscaba morte, nen odio, nen vinganza. Decateime que na túa cara habitaba a máis poderosa e cruel das vinganzas, o teu silencio, a túa bondade. Por eso agora quero levarte onda o mar, quero que escoites o son da caracola, que mires para as ondas, que sintas a súa calor. Quero que ti tamén ceibes entre as augas a tenrura que

te habita, quero que ti, Mutitumba, sexas quen de parar por fin as gañas de odiar”.

Aquel foi o derradeiro soño de Mutitumba. Topárono baixo dunha árbore naquela lonxana alameda, os ollos pechos e un poderoso sorriso nos beizos. A súa cara era de paz.

A NENA QUE CHORABA PEDRAS E O COCIÑEIRO MINGUANTE.

Yetana, a nena do deserto, era domadora de ventos enriba dunha alfombra de areas e pedras rachada pola calor refuxiada dentro nunha tenda de campaña. Yetana non domaba leóns, nen elefantes, crocodilos ou xirafas, domaba os ventos do mencer e do lusco e fusco, os ventos do solpor e os da desesperanza. Un día de friaxe topouse cun vento endiañado que se lle metou polas orellas, era o vento da tristeza que foi directo ao corazón. Ao principio non sentiu nada pero pouco a pouco a tristeza domouna a ela. Co tempo, Yetana escomezou a chorar, chorara moitas outras veces, pero neste caso o seu pranto era diferente, Yetana choraba pedras. No principio non eran máis que areas secas coma as do seu deserto, pero axiña se converteron en pedriñas que enroxecían a súa cara. O estrano suceso apareceu





CONTOS SOLIDARIOS

en todos os xornais, a xente voltou a mirada cara o sufrimento do seu pobo e coma sempre nestes casos xurdiu a caridade, tamén chamada mentira, compaixón, conciencia intranquila. Nos países importantes organizáronse caravanas solidarias e telemaratóns.

Un día pola fronte das pequenas montañas de area e pedra apareceu unha equipa de científicos extranxeiros que lle dixeron á nena: “Non te preocupes Yetana, somos científicos dun país importante, a nosa tecnoloxía avanzada fará que non sofras máis”. Prepararon un remedo químico con potentes compoñentes trnaxénicos que axiña derreterían as pedras que choraba a nena. Yetana bebeuno a grolíños pero as pequenas areas do seu pronto convertéranse en croios diminutos que a mancaban aínda máis. Pasados os días chegou un grupo de médicos especialistas mundiais en bágoas estranas. “Non te preocupes pequena; somos dun país moi importante, a nosa medicina é tan avanzada que o teu problema imos solucionar”. Prepararon un remedo de pirulas, xaropes e inxeccións de diferentes cores e tamaños, ela só sentiu que os croios eran pedras enormes. A equipa médica r a p i d a m e n t e abandonou aquel lu-

gar.

Pasou o tempo e foi maior o sufrimento ata que unha noite montado nunha burra apareceu un cociñeiro, do país dos chupanubes –que andaban todo o día co pensamento nas nubes- e ninguén lle fixo moito caso. Achegouse á jaima de Yetana e pediu permiso para entrar. “¿Qué quere?”, preguntáronlle. “Facerlle a cea á nena”, contestou. Afanouse nas potas e fogóns, botou estranos ingredientes, cociñou e axiña serviu unha estrana sopa de cor verde intenso. Cando a nena aquela sopa tomou, de súpeto desapareceron as pedras dos seus ollos. Todos ficaron abraiados e axiña con forza preguntaron “¿Quen es ti? ¿De que país tan importante chegas aquí?”. O chupanubes contestou: “Son cociñeiro dun país mingunte e a vosa

filla ten o corazón entristecido que é o mal máis importante”. Eles preguntaron cal era o seu segredo. “¿Qué lle prepara á nena? Sopa de esperanza. O meu país non é importante, é un país mingunte, cada vez somos máis pobres e sufrimos todo o que sufristes vos; un día descubrimos que precisábase remedo, os nosos fillos choraban pedras, así que buscamos ingredientes ata topar a receita desta sopa de esperanza. Recolectamos ortigas da razón, cultivamos cebolas da tolerancia, sementamos allos de ternura, cocémolos con auga de liberdade (que cae na chuvia de outono) e servimos en cuncas verdes sopa de esperanza. Axiña temos forza para ceer que algún día seremos libres, os nosos nenos deixan de chorar bágoas de pedra e xogan na area sorrindo. Canto máis mingua o noso país máis cociñeiros somos, e máis sopa de esperanza temos. Así que agora andamos polo mundo cociñándoa porque sabemos que só dise xeito seremos capaces de parar todo eso que fai minguar o noso país diminuto e por fin seremos libres”. Dende aquel día Yetana, e os da súa tribo cociñan día e noite a sopa de esperanza. Pódovolo dicir eu, que un día coñecín a Yetana e tamén a aquel cociñeiro chupanubes dun país mingunte. Por certo... ¡Que rica estaba a sopa de esperanza!....

